

DOMINGO 4 DO ADVENTO Ciclo C

PRIMEIRA Miq 5, 1-4a

De ti sairá quen domine a Israel

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE MIQUEAS

Isto di o Señor:

E ti, Belén de Efratah, tan pequeniña entre as familias de Xudá,
de ti vai saír un que será o soberano de Israel;
a súa orixe é desde antigo, desde os días do comezo.
El seranos conservado para sempre, mentres haxa muller que dea a luz;
o resto dos seus irmáns volverá,
e serán devoltos os fillos de Israel.
Manterase firme e pastoreará co poder do Señor,
coa gloria do nome do Señor, o seu Deus,
e cando se instalen ata o mesmo cabo da terra, estenderá a súa grandeza:
"o da Paz" será o seu nome.

SAL. RESP. Sal 79, 2ac e 3b. 15-16. 18-19

R/ (4): *Restáuranos, Deus; móstrate e seremos salvos.*

Escoita, pastor de Israel,
que guías o rabaño de Xosé;
ti que sentas sobre os querubíns,
esperta o teu poder e ven salvarnos.

Dá a volta, Deus dos exércitos,
olla desde o ceo e ve.
Atende esta vide,
este sarmento que plantaches coa túa man,
o bacelo que ti fortaleciches.

Que a túa man protexa ao teu elixido,
o home que ti fortaleciches.
Non nos afastaremos máis de ti;
dános vida de novo, e invocaremos o teu nome.

SEGUNDA Hebr 10, 5-10
Velaquí veño para facer a túa vontade

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Irmáns e irmás:

Cando Cristo entra no mundo, di:

"Sacrificios e ofrendas non os quixeches, pero formáchesme un corpo;
holocausto e sacrificio de expiación non che gustaron;
entón dixeron:

olla que xa cheguei, meu Deus, para facer a túa vontade
-como se di de min nun capítulo do libro"-.

Di no comezo: "Sacrificios, ofrendas, holocaustos e sacrificios de expiación, nin os quixeches nin che gustaron" (todos eles son sacrificios que a Lei manda ofrecer); e di despois: "Olla que xa cheguei para facer a túa vontade". Deixa sen validez o primeiro para darlle soamente validez ao segundo. Foi por esta vontade de Deus, como quedamos nós santificados coa ofrenda única e para sempre do corpo de Xesús Cristo.

ALELUIA Coma no n. 11

DOMINGO 4 DO ADVENTO Ciclo C

EVANXEO Lc 1, 39-45
Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor?

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naqueles días saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

- Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. ¡Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!